Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 7 de setembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO CUARTO.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.-

A primeira tenente de alcalde informa que a Mesa de Contratación en sesión celebrada o 28 de agosto de 2017 reuniuse para proceder á valoración da documentación requirida ao licitador clasificado en primeiro lugar no **procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do servizo de lacería, canceira, recollida e incineración de cadáveres de animais abandonados/perdidos no Concello de Ames.**

Con data 30 de xuño de 2017 notificouse á empresa Asociación Protectora Refuxio de Animais de Cambados, empresa clasificada en primeiro lugar no *Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de Animais Abandonados do Concello de Ames*, a clasificación provisional de ofertas e requirimento de presentación de documentación para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder a súa adxudicación definitiva.

O 17 de xullo a empresa presenta a seguinte documentación:

1) CIF da empresa.

2) Certificado de inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia como Asociación Protectora de Animais de Cambados

3) Acta de Constitución e Estatutos da Asociación.

4) Solicitude a Xunta de Autorización transportista, medios de transporte e contedores de animais vivos.

5) Solvencia técnica: Memoria da empresa coa relación dos principais servizos ou traballos executados nos últimos cinco anos.

6) Certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social.

7) Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado.

8) Certificado de disposición de recollida dos produtos e/ou subprodutos.

9) Convenio de colaboración entre o Concello de Cambados e a Asociación Protectora de Animais de Cambados.

10) Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.

11) Comunicación de inscrición no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.

12) Póliza de seguro de Responsabilidade Civil Explotación, Responsabilidade Civil Patronal e Defensa Penal e Reclamación de danos.

O 28 de agosto de 2017 recibiuse neste Concello mediante correo postal xustificante de ter efectuado ingreso do importe correspondente á garantía definitiva mediante transferencia bancaria efectuada o 9 agosto de 2017.

Unha vez examinada a documentación requirida á empresa adxudicataria do servizo, a Mesa de Contratación constata que ademais de que o xustificante de ter constituída a garantía definitiva foi remitido fóra de prazo o ingreso efectuado na conta bancaria municipal foi efectuado de igual

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

maneira fóra de prazo, polo que en base ao artigo 151.2 do TRLCSP no que se establece que *"de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo nese caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden en que quedasen clasificadas as ofertas".*

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (Decreto 480/2016) adopta o seguinte acordo**:**

Primeiro.- Excluír do procedemento do *Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de Animais Abandonados do Concello de Ames á* empresa Asociación Protectora Refuxio de Animais de Cambados, empresa clasificada en primeiro lugar ao non achegar en prazo a documentación requirida na cláusula 21.2 do PCAP.

Segundo.- Declarar deserto o procedemento de licitación do *Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de Animais Abandonados do Concello de Ames*

Terceiro.- Notificar aos interesados no procedemento o contido do presente acordo.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a oito de setembro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde A secretaria accidental

José M. Miñones Conde